



Recomendación á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Augas de Galicia) para que adopte as medidas precisas a fin de evitar retrasos ou dilacións na tramitación das denuncias da cidadanía, de xeito que os procedementos se tramiten de acordo co principio de eficacia nos prazos dispostos pola normativa de aplicación

Expediente: C.8.Q/240/21

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2021

Sra. conselleira:

Nesta institución, iniciouse o expediente de queixa arriba referenciado como consecuencia do escrito de D^a [REDACTED] relativo a contaminación e desaparición das augas por mor das obras dun silo.

ANTECEDENTES

No seu escrito, indícanos de xeito literal:

“A auga que servía de subministro doméstico da miña vivenda, onde resido co meu home e tres fillos pequenos, contaminouse e desapareceu tras as obras nun silo da miña veciña [REDACTED]. Din parte ao Seprona e a Augas de Galicia o 12/04/2017 (clave do expediente [REDACTED]) solicitando que se investigase a orixe da contaminación e desaparición, e a reposición do meu servizo de auga, rexistrada oficialmente e concedida por este mesmo organismo baixo a clave [REDACTED]. A día de hoxe non teño ningunha resposta por parte de Augas de Galicia nin se me restaurou o subministro.

Tiven que facer un pozo de barrena, afrontar os gastos das obras e das reparacións pola contaminación anterior, marchar da casa coa miña familia mentres non se facía o pozo, e rexistrar en Augas de Galicia esta nova auga. Case catro anos despois, sigo sen esa auga,

ninguén asumiu responsabilidades, e non teño ningunha explicación/solución por parte de Augas de Galicia.

Presentei reclamación polos feitos descritos ante o Seprona e Augas De Galicia o 12/04/2017 e, despois múltiples chamadas a Augas de Galicia, de que deixasen caducar o expediente "por falta de persoal", e de renovar a denuncia en 2019 a través do Seprona, presentei por rexistro de Augas de Galicia un escrito pedindo explicacións e a restauración do meu subministro con data 22/06/2020.

En data 22-06-2020, se dirixiu a ese órgano indicando:

1. Que con data 2/5/2017 presentei denuncia contra ██████████ baseada nun informe remitido pola división do SEPRONA da Garda Civil da Estrada, pola contaminación e posterior desaparición da única auga que servía o meu domicilio, unha vivenda unifamiliar habitada por cinco persoas, tres delas menores de idade. Era unha auga dada de alta e rexistrada oficialmente no organismo correspondente de Augas de Galicia.

2. O informe da Garda Civil reflectía numerosas irregularidades na propiedade de ██████████ moitas delas posiblemente relacionadas coa contaminación e posterior desaparición da miña auga doméstica.

3. Esta situación obrigoume a acometer obras de urxencia na miña vivenda, a perforar un pozo de barrena (autorizado e rexistrado novamente por Augas de Galicia), a trasladar a familia fóra do domicilio, posto que, como referín anteriormente, era o único subministro do que gozaba a vivenda) e a acometer gastos que en ningún caso respondían á miña responsabilidade ou negligencia.

4. Despois de reiteradas chamadas a Augas de Galicia para coñecer do avance da investigación, unha das funcionarias informoume de que, ante a falta de persoal e medios do organismo, o expediente caducara, polo que había que reiniciar todo o proceso.

5. Solicitei renovación da denuncia con data 1/7/2019, hai case un ano. O servizo do SEPRONA da Garda Civil volveu revisar as instalacións de ██████████ e constatou que a situación de irregularidades se mantiña, sen que a denunciada fixera ningunha corrección das mesmas, malia que dispuxera de máis de dous anos para abordalas.

6. A día de hoxe, un ano despois da segunda denuncia, a situación segue sendo exactamente a mesma, a miña auga orixinal non me foi restituída, os gastos non foron abonados, moitos dos danos ocasionados pola contaminación continúan visibles na miña propiedade, e a situación irregular nas instalacións de ██████████ continúa.

Por todo o anterior, Solicito:

1. Que, como parte interesada, se me manteña informada dos avances do expediente, da situación actual, e das perspectivas de solución que poidan ter.

2. Que, máis de tres anos despois dende a primeira denuncia (2/5/2017), se axilice todo o posible este proceso, que xa sufriu numerosos atrasos que en absoluto responden á miña responsabilidade ou inacción.

3. Que se determine canto antes a responsabilidade da contaminación e desaparición da auga doméstica que tiña rexistrada no meu domicilio e se restableza o devandito servizo na miña vivenda coa maior brevidade posible.”

Solicitado informe a esa Consellería o mesmo foi remitido, en data 25-02-2021 (E/2076/21), ten entrada nesta institución, indicándose na súa literalidade o seguinte:

CLAVE: [REDACTED]

ASUNTO: VALEDOR DO POBO — QUEIXA C.8.Q/240/21. [REDACTED] T.M. A ESTRADA

En relación co asunto que se indica, cómpre informar o seguinte:

1.- En data 21.10.20 o Servizo Territorial Centro de Augas de Galicia traslada á Área de Vertidos a denuncia presentada por [REDACTED] en data 22.06.20. En data 23.10.20 a Área de Vertidos de Augas de Galicia ordena a práctica de actuacións previas solicitando inspección da Gardería adscrita ao Servizo Territorial.

2.- En data 20.11.20 a Gardería leva a cabo inspección, informando que "se observa y constata lo siguiente,

“La existencia de dos puntos de vertidos de aguas residuales a la vía pública, procedentes de la propiedad de la denunciada, uno de ellos procede de los lixiviados de los silos de forraje para la comida de los animales estabulados en el interior de la nave de la explotación. El otro punto de vertido procede de las aguas que afloran y se unen con depósitos de restos materia orgánica con su respectiva descomposición sobre el terreno procedente de los acopios de material procedente del interior de dicha explotación.

Los puntos de vertido procedentes de la propiedad de la denunciada se encuentran a una distancia de 30 m y 55 m de la captación denunciante, a una cota superior de 2 m aproximadamente. Aguas residuales que no son vertidas en dirección hacia el manantial de la denunciante. Se desconoce si los vertidos procedentes del interior de la propiedad de la denunciada pudieran ser los causantes del deterioro de la calidad de las aguas del aprovechamiento de la denunciante.”

3.- Verbo da devandita inspección, en data 27.11.20 a Área de Vertidos dirixe requirimento á denunciada [REDACTED] para que no prazo dun mes acredite as medidas adoptadas para o cese ou corrección dos vertidos denunciados.

4.- Trascorrido o prazo outorgado ao efecto e sen constar resposta da denunciada, en data 20.01.21 a Subdirección xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico reitera o anterior requirimento. No caso de que a interesada non dea resposta no prazo dun mes, e tal e coma consta no requirimento, Augas de Galicia acordará o inicio de procedemento sancionador (art. 85 k) Lei 9/2010, de augas de Galicia).

5.- En data 27.01.21 recíbese denuncia do Seprona da Garda Civil derivada de inspección de data 25.01.21 na que se fai constar a existencia de vertidos procedentes dos silos da explotación da denunciada.”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa máis da documentación achegada e do que se manifesta no informe da administración cómpre facer as seguintes consideracións:

Primeira.- A promotora deste expediente denunciara ante Augas de Galicia a problemática de contaminación e desaparición das augas por mor das obras dun silo no ano 2017 e tamén ante o Seprona. Catro anos despois da interposición da denuncia, en xaneiro do 2021 solicita a intervención da Valedora do Pobo ao non ter recibido, a pesar do tempo transcorrido, resposta algunha de Augas de Galicia.

En xuño do 2020 ao coñecer que o expediente caducara segundo se lle informa telefonicamente formula nova denuncia ante o organismo de augas.

Segunda.- Xa o informe da Garda Civil do ano 2017 reflectía certas irregularidades na propiedade da denunciada, que probablemente estiveran relacionadas coa contaminación e posterior desaparición da auga doméstica da vivenda da promotora deste expediente de queixa.

Terceira.- Augas de Galicia habería comunicado telefonicamente á promotora desta queixa nalgunha das múltiples chamadas que se veu obrigada a efectuar a fin de coñecer o curso da denuncia que efectuara, que “ante a falta de persoal e medios do organismo”, o expediente caducara, polo que como se dixo, en xuño do 2020, interpón nova denuncia ante ese organismo e en xaneiro do 2021 presenta queixa ante a Valedora do Pobo.

Cuarta.- Pasan catro meses da segunda denuncia, ata que en outubro do 2020, o Servizo Territorial Centro de Augas de Galicia traslada á Área de Vertidos a segunda denuncia presentada en xuño. Un mes despois a gardería fluvial leva a cabo a inspección, na que se constata que : “... hai dos puntos de vertidos de augas residuales a la vía pública, procedentes de la propiedad de la denunciada, uno de ellos procede de los lixiviados de los silos de forraje para la comida de los animales estabulados en el interior de la nave de la explotación. El otro punto de vertido procede de las augas que afloran y se unen con depósitos de restos de

materia orgánica con su respectiva descomposición sobre el terreno procedente de los acopios de material procedente del interior de dicha explotación...”

Quinta.- Un mes despois se require á denunciada para que no prazo dun mes acredite as medidas adoptadas para o cese ou corrección dos vertidos denunciados e de non ser así Augas de Galicia acordará o inicio de procedemento sancionador. (art. 85 k) Lei 9/2010, de augas de Galicia.

Sexta.- A pesares da cronoloxía desta problemática e de que os informes da Garda Civil xa no 2017 constataran irregularidades na contaminación e na extinción da auga doméstica que podería, na problemática obxecto desta queixa, non consta que se adoptara medida cautelar algunha tendente a mitigar a extensión do dano no tempo.

A lei 9/2010 de augas de Galicia, no seu preámbulo di textualmente que a política de augas de Galicia oriéntase fundamentalmente a dar satisfacción á cidadanía nas súas necesidades de auga potable de calidade. Un dos motivos que impulsan esta lei, é a convicción de que con ela se coopera á prestación do mellor servizo á cidadanía no marco da consecución da eficacia, principio constitucional que ha ser directriz da actuación de todas as administracións públicas (artigo 103º.1 da Constitución española).

O artigo 3 da dita Lei 9/2010 de augas de Galicia establece como principios :

1. A Comunidade Autónoma de Galicia exercerá as súas competencias en materia de auga e obras hidráulicas de conformidade cos seguintes principios:

a) Utilización sustentable e racional da auga e contribución á preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.

b) Compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, a actividade económica, a conservación e a protección do medio ambiente.

...

d) Participación das persoas usuarias, transparencia e información ao público en xeral.

e) Garantía da calidade da subministración da auga urbana en defensa da saúde dos cidadáns e das cidadás.

f) Garantía de eficacia na prestación dos servizos públicos de abastecemento, de saneamento e de depuración.

g) Recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos medioambientais, para acadar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo accesible.

...”

O artigo 10 configura como principios xerais do réxime xurídico de Augas de Galicia :

1. Augas de Galicia está suxeita a esta lei e ás súas normas de desenvolvemento, ás normas do ordenamento xurídico galego que regulen a actuación dos entes de dereito público e mais ao seu propio estatuto.

2. A actividade de Augas de Galicia estará suxeita ao réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común cando exerza potestades administrativas.

3. Son actos administrativos, en particular:

a) Os actos de ordenación e de xestión do dominio público hidráulico.

b) Os actos ditados no exercicio da potestade sancionadora.

c) Os actos de xestión, inspección e recadación dos tributos sobre a auga e outros ingresos de dereito público.

d) Os actos derivados das relacións de Augas de Galicia con outros órganos e entes da Xunta e con terceiros que impliquen un exercicio de potestades públicas.

4. En todo caso, tanto en materia de persoal coma de contratación, Augas de Galicia axustará a súa actuación ao establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e deberá observar os principios básicos que regulan a función pública e a contratación nas administracións públicas.

O Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia regula determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Ademais de que na política medioambiental son cada vez máis as normas con orixe supranacional que determinan o contido dos dereitos e das obrigas da cidadanía, nomeadamente no que atinxe a un recurso natural, como neste caso a auga, xa a Directiva 2000/60/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas fora de xeito sucinto trasposta ao ordenamento xurídico español polo artigo 129 da Lei 62/2003.

Cómpre significar que ata a data desta resolución, nin se determinou a responsabilidade da contaminación ocasionada polas verteduras e desaparición da auga doméstica na vivenda da promotora deste expediente, nin se restableceu o devandito servizo.

Por conseguinte, semella que no caso que nos ocupa, as actuacións de organismo competente non se desenvolveron segundo prevé a normativa de aplicación, polo que a fin de que se tramiten coa presteza debida as denuncias desta tipoloxía presentadas pola cidadanía formularase a seguinte recomendación.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, da Valedora do Pobo, facer chegar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (Augas de Galicia) a seguinte Recomendación:

“Que adopte cantas medidas, ao seu criterio, sexan precisas respecto da organización, medios humanos e materiais que a dispoñibilidade orzamentaria permita, a fin de que se eviten retrasos ou dilacións na tramitación das denuncias da cidadanía, de xeito que os procedementos se tramiten de acordo co principio de eficacia nos prazos dispostos pola normativa de aplicación”

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración saúdoa atentamente

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo